



Versión en galego (para a versión en portugués, cf. infra)

Chamada de artigos para [E-Lyra](#) (ISSN: 2182-8954), revista da rede internacional [LyraCompoetics](#), sobre

Poesía fronte a réximes e normas actuais

Esta convocatoria de artigos para o monográfico especial de E-Lyra parte do proxecto de investigación "[Poesía actual e política: Análise das relacións contemporáneas entre produción cultural e contexto sociopolítico \(POEPOLIT\)](#)" (FFI2016-77584-P, 2016-2019) que pretende estudar o carácter político de expresións poéticas actuais en Occidente. A partir de análises non só textuais, senón tamén de fenómenos intermediais, queremos indagar en cuestións coma se unha poesía esteticamente complexa ten menos posibilidades de exercer unha influencia política ca unha poesía máis popular; se poesía e poetas deberían ser máis amplamente recoñecidas/os como axentes portadores e potenciais conformadores dunha visión ou epistemoloxía especial; cal é a súa influencia sobre a sociedade e, en caso afirmativo, se a sociedade recoñece esa influencia; ou cales serían as consecuencias ou os riscos implícitos para unha poesía que se asume como apolítica ou 'separada' da sociedade; como se poden expandir os actuais horizontes do político a través de novas linguaxes poéticas e analíticas; entre outros aspectos.

Neste sentido, solicitamos o envío de análises de fenómenos poéticos da actualidade provenientes de diferentes ámbitos culturais (hispanoamericano, lusófono e ibérico en xeral, francófono, xermanófono ou anglófono). Interésannos as prácticas de mediación poética e a súa incidencia política; as prácticas verbais de intervención política, particularmente nos repertorios de protesta dos movementos sociais contemporáneos; a relación entre poesía e política a partir da noción e figura autorial; ou a relación entre poesía e política na cidade neoliberal.

No marco da investigación en poesía contemporánea, é usual encontrar posturas diversas sobre a relación que se establece entre a poesía e os réximes identitarios, estéticos, políticos ou ideolóxicos. Indo máis alá de calquera aproximación textualista, xa sexa concibindo a poesía como exemplo da produción cultural contemporánea, xa como bastión de resistencia ante ideas e prácticas que buscan homoxeneizar as experiencias de vida, cremos esencial visualizar as formas de poesía ou as expresións poéticas en contacto co social.

É evidente que poesía e política non tiveron unha relación estábel e moito menos foron un par dicotómico, de aí o noso interese en traballos que actualicen o que ocorre neses espazos de constante acción, atendendo a toda a súa complexidade. Para esta convocatoria de artigos para o monográfico especial de E-



Lyra, editado por Alethia Alfonso (Universidad Iberoamericana, México), Burghard Baltrusch (Universidade de Vigo), Alba Cid y Cristina Tamames (Universidade de Santiago de Compostela), , privilexiaremos propostas inéditas, orixinais que contribúan a explorar a relación de aspectos citada.

A proposta para artigos comprende, sen excluír outras temáticas:

- Poesía contemporánea e a súa relación con réximes políticos, ideolóxicos e estéticos.
- Poesía contemporánea e identidade persoal, social, nacional, cultural, relixiosa, sexual ou política.
- Poesía contemporánea e dereitos humanos, perspectivas de xénero.
- Poesía contemporánea e a súa relación coa homoxeneización da vida cotiá.
- Poesía contemporánea e sinerxías: comunidades, o mundo do traballo, relacións de inclusión/exclusión.
- Poesía contemporánea e espacialidade: periferia e centro, subalternidade e hexemonía, modernidades globais e transatlánticas, mobilidade, migracións e suxeitos migrantes, refuxiados, exilios.
- Poesía contemporánea e historia recente: literaturas sen estado, discursos decoloniais.
- Poesía contemporánea e ética do compromiso: a figura autorial, *l'engagement*.

Os artigos poderán ser redactados en lingua castelá, galega, inglesa ou portuguesa e deberán ter unha extensión e un formato consonte as normas editoriais: <http://www.elyra.org/index.php/elyra/about/submissions#authorGuidelines>.

A data límite para enviar unha proposta é o **15 de abril do 2018**.

Para maiores informes, escriba ao consello editorial do número:

Alethia Alfonso a8.alfonso@gmail.com
alethia.alfonso@ibero.mx
Burghard Baltrusch burg@uvigo.es
Alba Cid alcife@gmail.com
Cristina Tamames cristina.tamames@usc.es